

# OS ODIOSOS OITO

# 77

[Quentin Tarantino, 2015]

ESTREA EN NUMAX: 15.01.2016 | v.o.s.e. | +18

## FICHA TÉCNICA

The Hateful Eight (2015, 168')

**Dirección:** Quentin Tarantino

**Guión:** Quentin Tarantino

**Reperto:** Samuel L. Jackson, Kurt Russell, Jennifer Jason Leigh, Demian Bichir, Walton Goggins, Tim Roth, Bruce Dern, Michael Madsen, James Parks, Dana Gourrier, Zoë Bell, Channing Tatum, Lee Horsley, Gene Jones, Keith Jefferson, Craig Stark, Belinda Owino

**Montaxe:** Fred Raskin

**Dirección de arte:** Richard L. Johnson

**Son:** Tom Hartig, Patrick Martens

**Música:** Ennio Morricone

**Fotografía:** Robert Richardson

**Produtora:** The Weinstein Company (Estados Unidos)

**Distribuidora:** eOne Entertainment

**Formato de proxección:** DCP 4K, 2.76:1

## FILMOGRAFÍA

*Django desencadeado*, 2012

*Malditos bastardos*, 2009

*Grindhouse (Death Proof)*, 2007

*Kill Bill: Volume 1*, 2003

*Jackie Brown*, 1997

*Pulp Fiction*, 1995

*Reservoir Dogs*, 1992

«O filme máis fermoso, íntimo e fascinante de Quentin Tarantino até o momento. Magnífica banda sonora de Morricone»

Robbie Collin. TELEGRAPH

## SINOPSE

Pouco logo da Guerra Civil Norteamericana, en Wyoming, un convoi ategado de personaxes do máis curioso —dous cazarrecompensas, un soldado confederado e unha refén— é desviado por mor dun temporal de neve. Os seus integrantes deberán agardar a que amaine nun saloon no medio da nada. A tensión entre eles non tardará en aparecer..

## PREMIOS

Oscar 2016 (nominado á mellor fotografía —Robert Richardson—, mellor actriz de reparto —Jennifer Jason Leigh—, mellor banda sonora orixinal —Ennio Morricone—). Golden Globes 2016 (gañador á mellor banda sonora orixinal, nominado ao mellor guión e actriz de reparto —Jennifer Jason Leigh—).



## Entrevista a Quentin Tarantino

Christina Radish

**Empregar o formato 70mm. resulta épico no que atinxe á imaxe, mais non pode chegar a condicionar a relación cos actores en termos de intimidade?** Un dos trucos nos que pensei para acadar certa intimidade é o uso do primeiro plano. Na miña carreira fixen unha chea de primeiros planos de Samuel L. Jackson mais nunca conseguín planos tan fermosos coma os deste filme. Lembro que cando se fixo público que ía gravar o filme neste formato a xente comezou a especular, e podo comprendelo. Dicían, «Si, vale, soa moi ben, pero por que ten que empregar un formato que lle vai impoñer tantos límites?» Esas críticas ao 65mm. non me parecían moi profundas pois é un formato que pode empregarse para máis cousas que para documentais de viaxe ou de natureza. Por outra banda eu sentía, especialmente ao filmar Minnie's Haberdashery, que non se trataba dun filme de suspense. Se a temperatura non se ía incrementando en cada escena, o filme ía resultar aburrido e non ía funcionar. Realmente cría que o gran formato situaríate en Minnie's Haberdashery. Estarías nese lugar. Entre os protagonistas. E considerei que tería máis intimidade canto máis me achegase a eles. O outro elemento que pensei que podería ter moita importancia ao recorrer a este formato é o uso dos planos escénicos dentro de Minnie's, pois en todo momento temos dous: atopamos personaxes no primeiro plano da escena e personaxes no fondo. O espectador ten que estar a seguir a pista a cada personaxe dentro da escena para ver onde está. Son coma pezas dun taboleiro de xadrez. Pode que vexamos a Chris Mannix e ao Xeneral Smithers a falar en primeiro termo, mais tamén temos que atender a Joe Cage na súa mesa ou a John Ruth e Daisy no bar. Isto remata sendo relevante no filme, a non ser que eu non queira que suceda e daquela corto o plano. Mais en xeral coído que axuda a soste a tensión e o avance dos acontecementos.

**Como fuches quen de filmar planos tan prolongados, algo habitualmente imposíbel neste formato?** Panavisión achegounos rolos de 2.000 pés, co cal podía facer tomas de até 11 minutos. Non podo nin imaxinar filmar este material se tivese que cortar cada catro minutos. Tiña que facelo así. A Weinteins [compañía produtora do filme] foi moi xenerosa comigo e non tiven que dividir o material. Non estaba completamente certo do que facía pero sabía que non quería mudar o meu estilo de filmación. A única desvantaxe real que sentín no seu momento, mais que xa non sinto agora, é que non fomos quen de conseguir obxectivos de zoom, e eu estaba afeito a empregalos para os achegamentos. Pero finalmente é boa cousa verse forzado a non usar todas as ferramentas de costume de cando en vez, para ser quen de traballar de xeito diferente.

**Filmar unha historia do pasado permítelle explorar temas do presente. Como o consegue?** Realmente cando pensamos o futuro desde o presente, estamos a facer o mesmo. Pode ser a autoestrada que se está a construír ou cara a onde vai ir o seguinte tren. Calquera de nós pode sinalar momentos da historia do cinema realmente profundos nese senso. Mais a min gústame situar o escenario e a historia primeiro e enmascarar logo o que quero contar na aparencia do xénero. E nese aspecto en particular é onde o western coma xénero resulta máis vantaxoso, pois non hai outro que, entendido coma subtexto, dialogue mellor con América. E esta idea foi mudando co paso das décadas, desde os westerns dos 50 que proxectaban as ideas de Eisenhower de América, até os dos 70 cunha idea moi cínica dos Estados Unidos.

Publicado en decembro de 2015 en:  
<http://collider.com/quentin-tarantino-the-hateful-eight-interview/>  
Tradución de Xan Gómez Viñas

NA NOSA LIBRARÍA  
*Django Unchained.*  
Reginal Hudlin, R.M. Guéra, Denys Cowan,  
Danijel Zezelj, Jason Latour. Vertigo, 2013  
*Malditos bastardos.*  
Quentin Tarantino. [DVD]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)